

Texto: **JOSÉ ANTONIO ABAD**
Ilustracións: **DAVID PINTOR**

Encadernado en cartón. 26,5x21 cm.

32 páxinas a toda cor.

Dispoñible en:

-Galego: "Hércules e Crunia". ISBN 978-84-8464-529-0

Prezo: 13 €

-Castelán: "Hércules y Crunia". ISBN 978-84-8464-539-9

Inclúe CD con música da Banda **JAZZ SKILLS**,
dirixida por **JOSÉ ACUÑA**. Prezo: 20 €

HÉRCULES E CRUNIA

Hai moito tempo, nun afastado lugar do noroeste, onde as terras xurdían da brétema misteriosa do mar, o sol loitaba cada día por enxergar os cantís cubertos de verdor onde vivía Xerión...

O xigante Xerión era dono dun rabaño de bois vermellos que se alimentaban dos pastos que había na costa atlántica. Os habitantes desas terras xa non podían aturar a opresión e o expolio ao que eran sometidos; ata que Hércules os librou do tirano e construiu sobre os seus restos un faro, como símbolo de liberdade. Crunia foi a primeira muller en habitar a nova cidade e en conquistar o corazón do heroe.

O autor do relato afonda nas raíces mitolóxicas da Coruña para dar a coñecer a súa orixe, destacando a tolerancia por enriba de todas as cualidades. Esta obra formou parte inicialmente dun programa didáctico denominado "Descobre a música", dirixido por José Antonio Abad.

Para o debuxante David Pintor o reto de ilustrar un texto a súa cidade natal -combinando lenda, mar e música- foi "apaixoante, complexo e estimulante". Documentarse sobre o mito de Hércules, visitar os que puideran ser escenarios da loita contra Xerión e empaparse da xeografía costeira foron parte do proceso. Ata que, centos de bosqueiros despois, logrou o resultado final, cun estilo moderno pero sen perder o carácter clásico das historias mitolóxicas.

Hércules e Xerión comparten protagonismo con outro personaxe fundamental: a paisaxe. Así, os cantís, as rochas, as árbores e, sobre todo o mar, están presentes de principio a fin, acompañando o lector na particular odisea do heroe.

JOSÉ ANTONIO ABAD (A Coruña, 1940)

Licenciado en Psicoloxía pola Universidade de Sevilla e Diplomado en Ciencias da Educación polo Instituto Psicopedagógico de Grottaferrata (Italia). Presidiu a Asociación de Escolas Infantís de Andalucía e durante case 30 anos adicouse á educación infantil. Dende 1989 traballou na área de Servizos Sociais do Concello da Coruña. Entre 1992 e 2005 dirixiu o Departamento de Programas de Divulgación da Música, achegándolles aos centros escolares os programas didácticos da Orquestra Sinfónica de Galicia e da Banda Municipal comunicacion@kalandraka.com | www.kalandraka.com



da Coruña. Tamén é autor de "O Oso Fabuloso", editado por KALANDRAKA na colección Sondeconto.

DAVID PINTOR (A Coruña, 1975)

Ilustrador, debuxante do dúo de humor gráfico Pinto&Chinto, caricaturista e pintor. Está vencellado a xornais como La Voz de Galicia e anteriormente a Diario de León, Diario 16, La Voz de Baleares, El Correo Gallego e Galicia Hoxe. Traballou na creación de varios libros publicados pola Xunta, La Voz de Galicia, Everest, Biblos ou Combel. Participou en exposicións por cidades galegas, do resto de España e Portugal. No xénero do cómic traballou en publicacións como Xatentendo.com, Golfiño, El virus mutante, Tretzevents ou BD Banda. Destacan outros títulos seus como o libro de relatos "Contos para nenos que dormen deseguida" (Premio Neira Vilas 2010 e selección The White Ravens 2011), o caderno de viaxe "Compostela" (ambos en KALANDRAKA), e o cómic "Tito Longueirón" (FAKTORÍA K).

- **Temática:** relato sobre a orixe mitolóxica da cidade da Coruña
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos
- **Aspectos destacables:** protagonismo da paisaxe
- **Aplicacións:** coñecer a mitoloxía grega e romana; o valor histórico da Torre de Hércules, declarada Patrimonio da Humanidade; achegamento á música de jazz, a través do CD que incorpora a versión en castelán do libro

